


O presente documento estará exposto no Taboero de Anuncios desta Deputación desde o día 27-03-2019

MÉRCORES, 27 DE MARZO DE 2019 06-Nº 07104-201

O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA 



BOP

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletinoficialdeputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA. SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Miguel Angel Caruncho Campanario (DNI 76413359 E) solicita a ampliación do tecor *Pombeiro e Atán* (LU-10007) cos terreos do monte vecinal en man común de *Hervededo, Costa de Reboiras, Espiñeiro, Costa Tilleira e Biduedo*, na parroquia de Frontón, termo municipal de Pantón.

O que fago público para o coñecemento xeral e que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo **DUN MES**, dende a súa publicación no BOP.

Lugo, 6 de febreiro de 2019.- A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Margarita López Blanco.

R. 0544

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RRHH

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBONO DE DATA 8 DE MARZO DE 2019 POLO QUE SE RESOLVE O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O ACCESO A DÚAS PRAZAS DE CAPATAZ, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, PERSONAL DE OFICIOS, GRUPO C - SUBGRUPO C2 , DO CADRO DE PERSONAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN DE LUGO, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL E/OU HORIZONTAL.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 8 de marzo de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Celebrado o procedemento selectivo para prover dúas prazas de Capataz, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservadas a promoción interna vertical, funcionarización grupo C - Subgrupo C2, cuxas bases xerais e específicas publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 269, de 23 novembro de 2018, vista a proposta do Tribunal Cualificador, visto que nos expedientes persoais dos aspirantes propostos para ocupar as distintas prazas figura a documentación á que se refire o punto 12.1 das bases xerais que rexen a convocatoria, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos no artigo 56 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público; esta Presidencia, en representación do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 13.1 das mencionadas bases xerais, propón á Xunta de Goberno resolver o procedemento selectivo nomeando a:

1º.- Don Pablo Carreira Uceda para ocupar a praza número 837, posto 1282, de Capataz, encadrado na escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especial, Personal de Oficios, Grupo C - Subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical, funcionarización, o aprobar todos os exercicios do proceso selectivo.

2º.- Don Víctor Luaces Luaces, para ocupar a praza número 838, posto 1283, de Capataz, encadrado na escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especial, Personal de Oficios, Grupo C - Subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical, funcionarización, o aprobar todos os exercicios do proceso selectivo".

O que se da publicidade en cumplimento do art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, coa indicación de que o presente acordo pon fin a vía administrativa polo que contra este cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución ou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e

na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, 20 de marzo de 2019.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez R. 0844
 O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 27/03/2019
 ata a día 06/04/2019
 O XEFE DA UNIDADE
 PORTERÍA E VIGANCIAS


CONCELLOS
FOZ

Anuncio

APROBACIÓN E EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DO PADRÓN-MATRÍCULA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS INSTALADOS NA FACHADA DE ESTABLECIMENTOS BANCARIOS, E CON ACCESO DIRECTO DESDE A VÍA PÚBLICA

Por Decreto desta Alcaldía de data 12 de marzo de 2019, foi aprobado o anterior Padrón-Matrícula para a anualidade 2019, por importe de //2.032,00 €//.

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determináse que o período de pagamento en vía voluntaria é o comprendido entre o 2 de maio de 2019 ao 2 de xullo de 2019.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral da recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación de Edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Foz, 13 de marzo de 2019.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA.

R: 0822

LUGO

Anuncio

En virtude do artigo 220.2.c) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia, faise público o acordo de resolución de alegacións e aprobación definitiva "10/74. Proxecto de expropiación forzosa das parcelas non incorporadas á Xunta de Compensación do Sector II do SUNP 'IN-G', Polígono 1, Concello de Lugo", cuxa parte dispositiva, establece, entre outros extremos, o seguinte:

"PRIMEIRO.- DESESTIMAR a alegación formulada pola entidade mercantil "GESTILENA 2004, S.L.", representada por dona María Teresa Sierra García, formulada durante o período de información pública e notificacións individuais do "PROXECTO DE EXPROPIACIÓN FORZOSA DAS PARCELAS NON INCORPORADAS Á XUNTA DE COMPENSACIÓN DO SECTOR II DEL SUNP 'IN-G', POLÍGONO 1, CONCELLO DE LUGO", con base nos informes do Servizo Municipal de Enxeñería, con datas do 30 de abril de 2018, 19 de xullo de 2018 e 14 de xaneiro de 2019 e do Servizo Municipal de Urbanismo do 7 de febreiro de 2019.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente, de conformidade coa anterior resolución de alegacións, o expediente relativo ao "PROXECTO DE EXPROPIACIÓN FORZOSA DAS PARCELAS NON INCORPORADAS Á XUNTA DE COMPENSACIÓN DO SECTOR II DEL SUNP 'IN-G', POLÍGONO 1, CONCELLO DE LUGO" cunha superficie para expropriar de 1.894,75 m² e cunha valoración total dos bens e dereitos afectados ascendente a 7.619,71 €. A relación de afectados, de conformidade coa anterior resolución de alegacións, é a seguinte: